



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN EN DATA 15 DE DECEMBRO DE 2015.**

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA:

D^a. María Loureiro García.

CONCELLEIROS:

D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Jesús Fernández Fernández, D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega, D. Emilio Villarrea Méndez, D^a. María Soledad Rey Yáñez, D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, D. Bernardo José Fraga Galdo, D. Manuel Galdo Dopico, D^a. Saray Blanco Canoura, D. Antonio José Bouza Rodil, D. Jaime Eduardo de Olano Vela D. Celestino Valentín García Paz , D^a. M^a Jesús Vale López , D^a. Belinda Bermúdez Otero eD. Víctor Marcial Miranda Gómez.

AUSENCIAS

INTERVENTORA

D^a. Rosa Abelleira Fernández

SECRETARIA XERAL

D^a. M^a Luz Balsa Rábade

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as desásete horas do día quince de decembro de dous mil quince, reúnen-se, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

**1.- POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE TODA A
INFORMACIÓN QUE SE TIVO EN CONTA E OS DETALLES TÉCNICOS QUE SE
APLICARON PARA A REALIZACIÓN DAS BASES DE CONTRATACIÓN DO PERSOAL
DA PISCINA MUNICIPAL.**

Intervén a Sra. Alcaldesa para dar a palabra aos representatntes dos grupos municipais.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil, que sinala que van renunciar ás dietas deste pleno que non habería que facelo se tivesen transparencia. Basease no informe da Secretaria, que di que a lei de bases recolle que é unha competencia de Alcaldía. Manifesta que non é certo xa a lei de Facendas Locais de Galicia atribue esta competencia ao pleno. Contiu a súa intervención dicindo que hai un choque é prevalece a LBRL.

Di que hai xurisprudencia que di que pode vir ao pleno, aínda que prevaleza o que establece a LBRL. Continua a súa intervención dicindo que cando as resolucións dictadas como invasión por



un órgano colexiado, o Tribunal Supremo di que non hai vicio de incompetencia se a Alcaldesa votase a favor do acordo.

Manifesta que o seu grupo pensa que podería traelo a pleno e abrir a participación aos grupos, o motivo de por qué non o trouxo explicarao a Sra. Alcaldesa. Opina que se guiou polos seus intereses e promesas partidistas.

Continua a súa intervención dicindo que as bases son sorprendentes, que as compararon co Concello de Chantada, e que en Viveiro para ser monitor esíxese Graduado Escolar. En Chantada esíxese o título de Técnico. Di que do que se trata é de buscar a excelencia. Que para ser socorrista en Chantada existen ser técnico, en Viveiro Graduado en ESO. Continua dicindo que as bases foron elaboradas nos dous casos pola Deputación e nun dos sitios existen máis puntuación. Comenta que o caso de técnico responsable da piscina é máis sangrante e que foron elaboradas daquela maneira. Conclúe que non teñen nada en contra do persoal que habia nin do que hai agora, pero que se lle de un peso de cinco puntos á fase de entrevista parece sorprendente. Di que parece que os principios de mérito, igualdade e capacidade lles dan igual, e que parece que están satisfeitos co que había, e que ofrecen sempre consenso pero nunca o fan, poñendo como exemplo a xuntanza de portavoces para os orzamentos, que aínda non foi, sen darse conta que son un goberno en minoría.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que van renunciar ás dietas por este pleno e que esperan información sobre este proceso.

Sinala que o problema que dende o BNG se observa neste proceso é que cada vez que hai unha contratación de prsaol acódese á Deputación para que sexa a responsable de levar os procesos de contratación, cando en Xove, O Vicedo lévano no propio concello. Di que cando se fai contratación por outra Administración a dúbida é sempre maior.manifesta que as bases son moi mellorables , que botan en falta prazo e tempo, que a nunciaron n mes antes que o tempo era asustado, avisaron con moita antelación de que os procesos hai que facelos con máis calma.

Continua a súa intervención preguntando que méritos tiñan as persoas que fixeron as entrevistas para avalliar ás sete persoas que se contrataron.

Intervén o Concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, D. Víctor Marcial Miranda Gómez, para manifestar a súa sorpresa pola premura nas bases e dicir que non se conta co seu grupo como ocorreu coa ordenanza reguladora dos taxis. Di que non pedían moito, participar na elaboración e que se apostara por unhas bases máis transparentes.

Pregunta que tipos de contratos se realizaron e cal vai ser a súa duración.

Continúa a súa intervención dicindo que botaron de menos nos criterios que non houbera puntuacións para parados de longa duración ou estra censado no concello. Tampouco houbo probas prácticas para os socorristas e a entrevista foron 5 puntos. Di que é necesario saber quen formou parte do tribunal, a súa formación e independencia. Solicita un compromiso para unha data para a convocatoria definitiva das prazas.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o goberno municipal renuncia ás dietas. Manifesta que cando se decidiu optar pola modalidade de xestión directa para o servizo da piscina xa se dixo que era unha convocatoria para persoal temporal, transitoria. A xestión directa conleva unha contratación pública. Di que nese pleno xa se dixo que as bases serían elaboradas pola Deputación que o tribunal estaría composto por persoal da Deputación de Lugo, que é coñecido e que se o tribunal o forma persoal do concello sempre vai haber máis sospeitas.

Manifesta que o motivo de optar pola Deputación é porque son profesionais no tema e que o Partido Popular xa dixera que as bases eran un traxe a medida, sen embargo non estaban dadas e son



totalmente legais. Di que se publicaron, que houbo prazo para recurrir, que poden discutirse os criterios pero que se axustan á legalidade.

Continúa a súa intervención dicindo que se publicaron as bases, que foron abertas para todos, fomentando que todo o mundo puidese optar. Di que non se puido puntuar o padrón en Viveiro porque consultado coa Secretaría Municipal, concluiu que non é lícito puntuar o empadramento, xa que atenta contra o principio de igualdade que rixe a convocatoria.

Comenta que no tocante á competencia do pleno a secretaria di que é verdade que hai contradición, pero decántase porque a competencia é da Alcaldía, que pode delegar na Xunta de Goberno Local. Continúa a súa intervención dicindo que cando comentou que se estaban elaborando as bases pola Deputación, ninguén as pediu e que non foi por opacidade que o informe di que é competencia da Alcaldía.

Intervén o concelleiro D. Víctor Marcial Miranda Gómez para dicir que él tamén renuncia ás dietas deste pleno.

Intervén á Sra. Alcaldesa para darlle a palabra á Secretaria Municipal co obxectivo de que explique o informe emitido.

Intervén a Secretaria Municipal para dicir que a LBRL establece que a competencia para a aprobación das bases de selección de persoal corresponde á Alcaldía, considerando que se trata dunha competencia delegable. Por outra banda, a Lei de Administración Local de Galicia establece que se trata dunha competencia plenaria indelegable. Ante esta discrepancia existente na normativa respecto ó órgano competente debe entenderse, segundo a doutrina do TS que prevalece o establecido na LBRL, e fai referencia ó recollido no seu informe. Polo que respecta á posibilidade de delegación desta competencia sinala que tal e como recolle no informe, non é unánime o criterio entre a doutrina sobre a posibilidade de delegar competencias da alcaldía no Pleno, xa que a LBRL e ROF non o recollen expresamente polo que parte da doutrina entende que sí ó amparo da posibilidade de delegación de funcións entre órganos recollida na LRXPAC. O sector maioritario entende que non, apoiándose nas texes xurisprudenciais que anulan acordos do Pleno dictados en delegación de competencias do Alcalde sinalando que o réxime de delegacións se debe asustar ó disposto na LBRL e ROF. Tamén é certo que se ten entendido polo Tribunal Supremo que non existe vicio de incompetencia se o Alcalde votou a favor do acordo no Pleno, e volve facer referencia ó recollido no seu informe.

Intervén o concelleiro do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que iso era o que él decía.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que non dicía iso, que non foi opacidade, que a secretaria dixo que era mellor facelo na Xunta de Goberno Local.

Intervén o concelleiro do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil par preguntar si podía traerse igual o asunto ó Pleno.

Intervén a Secretaria Municipal para dicir que a competencia é da Alcaldía, polo que de levarse a Pleno adoptábase un acordo por un órgano incompetente, independentemente de que ese acordo segundo o TS se entendese convalidado, non considerase existencia de vicio de incompetencia no mesmo se o Alcalde votase a favor. Apunta así mesmo, que este Concello ten un exemplo recente



sobre a competencia plenaria e de Alcaldía no suposto da revisión de oficio das licenzas urbanísticas outorgadas no seu momento á empresa VESTAS, xa que nese caso, un suposto no que incluso a competencia de revisión de oficio é máis dubidosa de a quen lle corresponde, téndose iniciado expediente polo Pleno, o Consello Consultivo non considerou que se convalidase o acto e informou que debía iniciarse pola Alcaldía.

Intervén o concelleiro do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para dicir que se reitera dicindo que se podía haber levado a pleno para dar garantías e que non é comparable ao asunto de Vestas. Comenta que a Alcaldesa reitera que as bases son legais e manifesta que el non di que sexan ilegais, senón mellorables e cuestionable que a entrevista puntue cinco puntos. Di que non todo o mundo pode optar a un praza de médico, que por exemplo el non pode. Comenta que o seu grupo non o ten claro, que son manifestamente mellorables e que se ratifica no do traxe a medida. Di que si algúns dos que estaban alí non puideron optar a presentarse, que facían antes desempeñando ese posto.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que si é unha acusación que é un traxe e que si non puideron optar foi por non ter a titulación mínima esixida para entrar, di que é unha acusación dicir que é para os que están dentro.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que a pesar de que as competencias podan ser da Alcaldía, estas infórmanse. Di que se aludiu ás bases da piscina que se foi a Deputación ou o Concello.

Manifesta que hai que aclarar con respecto a quen as elabora, as pode facer o persoal municipal e o chamar para o tribunal a xente preparada doutros concellos, di que en ningún momento dixo que tiña que ser persoal municipal porque ao mellor non o hai.

Continúa dicindo que esperan máis información acerca da preparación dos técnicos da Deputación que seleccionaron.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que a titulación exacta non a sabe, que había un técnico deportivo e que a pode dar detallada ao día seguinte.

Intervén o Concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, D. Víctor Marcial Miranda Gómez, para dicir que é unha cuestión de vontade e igual que se pide colaboración para outras cousas podía pedirse para este asunto e pregunta que tipo de contrato van ter os seleccionados, se de interinidade.

Intervén a Sra. Alcaldesa para darlle a palabra á Secretaria Municipal para que informe sobre o tipo de contrato.

Intervén a Secretaria municipal para dicir que o contrato é un contrato laboral temporal de interinidade e engade así mesmo que neste momento non é viable un proceso selectivo para a cobertura definitiva, o que se atopa impedido neste momento pola lexislación estatal.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que na comisión informativa dixo que as bases se estaban elaborando e que ninguén as pediu, a pesar de que Son Viveiro adoita pedir abundante documentación. Manifesta que o ex presidente de TurViveiro comunicou a cada membro da corporación os pasos a dar e que ninguén pediu as bases.



Intervén o Concelleiro do Grupo Municipal do PSOE, D. Jesús Fernández Fernández, para dicir que se ensinaron unha vez feitas, que o persoal é temporal transitorio, que non se pode dicir prazo, que se fixo todo o posible para que non se pechase.

Intervén o concelleiro do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para dicir que nalgunha comisión informativa se informou e pide unha copia da acta.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que estaba Belinda, que non se tratou ese tema, que cando faláron do tema da xestión directa da piscina municipal díxose que a Deputación estaba elaborando as bases e tamén no pleno.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que a liña de transparencia é clara, que a oposición pode pedilas pero o goberno pode dalas.

Intervén o Concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, D. Víctor Marcial Miranda Gómez, para dicir que é necesario facer partícipe á oposición.

Intervén a Sra. Alcaldesa que manifesta que as bases se publicaron en tempo e forma cos criterios de calificación oportunos e que os que non están dacordo opte polos cauces que considere oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 14:50 horas do día 15 de decembro de 2015, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.

A SECRETARIA